



## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



**EXPEDIENTE Nº:** 749/2025

**ASUNTO.-** Informe do cumprimento do Periodo Medio de Pago e Morosidade do 4º Trimestre do 2025

Esta Tesoureira, en virtude das atribucións establecidas en artigo 5.1.c) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, en relación coas recollidas no artigo 4.3 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, emite o seguinte,

### INFORME DE TESOURERÍA

#### ANTECEDENTES

Con carácter previo ao desenvolvemento propio do informe, esta tesoureira quere indicar que desempeña a súa función neste Concello dende o 12 de xaneiro de 2024, data da súa toma de posesión, o que supón un descoñecemento total do sucedido con anterioridade a dita data.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004.
- Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro polo que se modifica o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Guía para o cálculo do período medio de pago a provedores das entidades locais e a cumprimentación da aplicación informática marzo 2023 (Versión do 22/01/2025)

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-

**PRIMEIRA.-** A Lei 15/2010 de modificación da Lei 30/2004 establece:

*Artigo 4.3: Os Tesoureiros ou, no seu defecto, os Interventores das Corporacións Locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.*

*Artigo 4.4: Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, ós órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda, e no seu respectivo ámbito territorial, ós das Comunidades Autónomas que, con arranxo a seus respectivos Estatutos de Autonomía teñan atribuída a tutela financeira das Entidades Locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.*

**SEGUNDA.-** De conformidade coa Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais:

*Artigo 4. 1. O prazo de pago que debe cumprir o debedor, si non tivera fixado data ou prazo de pago no contrato, será de 30 días naturais despois da data de recepción das mercancías ou prestación dos servizos, incluso cando tivera recibido a factura ou solicitude de pago equivalente con anterioridade.*

*Os provedores deberán facer chegar a factura ou solicitude de pago equivalente aos seus clientes antes de que se cumpran 15 días naturais a contar dende a data de*





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



*recepción efectivas das mercancías ou da prestación dos servizos.*

*Cando no contrato se tivera fixado un prazo de pago, a recepción da factura por medios electrónicos producirá os efectos de inicio do cómputo de prazo de pago, sempre que se encontre garantida a identidade e autenticidade do asinante, a integridade da factura, e a recepción polo interesado.*

*2. Si legalmente ou no contrato se ten disposto un procedemento de aceptación ou de comprobación mediante o cal deba verificarse a conformidade dos bens ou servizos co disposto no contrato, a súa duración non poderá exceder de 30 días naturais a contar dende a data de recepción dos bens ou da prestación dos servizos. Neste caso, o prazo de pago será de 30 días despois da data en que ten lugar a aceptación ou verificación dos bens ou servizos.*

*3. Os prazos de pago indicados nos apartados anteriores poderán ser ampliados mediante pacto das partes sen que, en ningún caso, se poida acordar un prazo superior a 60 días naturais”.*

*Artigo 5. O obrigado ao pago da débeda dineraria surxida coma contraprestación en operacións comerciais incorrerá en mora e deberá pagar o xuro pactado no contrato ou o fixado por esta lei automaticamente polo mero incumprimento do pago no prazo pactado ou legalmente establecido, sen necesidade de aviso de vencemento nin intimidación algunha por parte do acreedor.*

*Artigo 7. 1. Os xuros de demora que deberá pagar o debedor serán os que resulten do contrato e, en defecto de pacto, o tipo legal que se establece no apartado seguinte.*

*2. O tipo legal de xuro de demora que o debedor estará obrigado a pagar será a suma do tipo de interese aplicado polo Banco Central Europeo a súa mais recente operación principal de financiamento efectuada antes do primeiro día do semestre natural de que se trate, mais oito puntos porcentuais”.*

**TERCEIRA.-** Asemade débese ter en conta o disposto na Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que dispón no seu artigo 198 que *“a Administración terá a obrigaón de aboar o prezo dentro dos trinta días seguintes á data de expedición das certificacións de obras ou dos correspondentes documentos que acrediten a realización total ou parcial do contrato”*





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



En caso de demora no prazo previsto anteriormente, a Administración deberá abonar ao contratista os intereses de demora así como a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

**CUARTA.-**Acompáñase un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, para o pago das obrigacións de cada Entidade Local, que inclúe o número e contía global das obrigacións pendentes nas que se estea incumprindo o prazo.

O informe trimestral contemplará a seguinte información :

- a) Pagos realizados no trimestre.
- b) Intereses de demora pagados no trimestre.
- c) Facturas/documentos xustificativos pendentes de pago ao fin do trimestre
- d) Detalle do período medio de pago global a provedores.

**QUINTA.** Sen prexuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello, este informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Orde ministerial HAP/2015/2012 detalla no seu artigo 4 o órgano encargado da remisión do informe, que nas Corporacións Locais é a intervención ou unidade que exerza as funcións.

**SEXTA.-** Á vista do exposto e de conformidade cos prazos de aprobación e pago recollidos na LCSP, a Administración deberá pagar como máximo dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou entrega dos produtos adquiridos e deberá aprobar as certificacións de obra ou os documentos que acrediten a entrega de bens ou a prestación de servizos dentro dos 30 días seguintes á entrega ou prestación.

**SÉTIMA.-** A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, introduciu o concepto de PMP como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial. En desenvolvemento desta lei, aprobouse o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía do cálculo do PMP a provedores das Administracións Públicas.





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



O PMP definido no Real Decreto 635/2014 mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos e trátase dun indicador distinto do período legal de pago establecido na Lei de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004 pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O RD 635/2014 foi recentemente modificado polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro. Con dita modificación o cálculo do PMP empezárase a contar, con carácter xeral, a partires da aprobación das facturas ou certificacións e non, como ata o de agora, que se producía dende os 30 días seguintes á entrada das mesmas. En consecuencia dita variable, xa non tomará valores negativos, posto que xa non se terá en conta si a Administración paga antes de que teñan transcorrido 30 días naturais dende a presentación das facturas ou certificacións de obra.

- O ratio das operacións pagadas no trimestre, é o indicador do número de días promedio que se ten tardado en realizar os pagos.

Ratio operacións pagadas =  $E (n^{\circ} \text{ días de pago} * \text{importe op.pagadas} / \text{Importe total de pagos realizados})$ .

- O ratio das operacións pendentes de pago ao final do trimestre, é o indicador do número de días promedio de antigüidade das operacións pendentes de pago ao final do trimestre, son os días naturais transcorridos dende a data de aprobación dos documentos que acreditan a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata o último día do período a que se refiran os datos publicados.

Nos supostos nos que non exista constancia da data de conformidade, tomarase a data de recepción da factura no rexistro administrativo.

Ratio operacións pendentes de pago =  $E (n^{\circ} \text{ días ptes pago} * \text{importe op. Ptes de pago}) / \text{Importe total de pagos pendentes}$ .

PMP entidade =  $\text{Ratioops. Pagadas} * \text{importe pagos realizados} + \text{Ratioops. Ptes. Pago} * \text{importe pagos ptes} / \text{Importe pagos realizados} + \text{importe pagos ptes}$ .

**OITAVA.-** A Guía actual para a elaboración dos informes trimestrais de Morosidade





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOABADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Cerdedo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



foi publicada o pasado 2023 polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, e recolle no seu apartado 8 a determinación do prazo de pago e da data de inicio do cálculo da morosidade. O citado apartado recolle expresamente:

<<Respecto al plazo de pago, el artículo 4 de la Ley 3/2004 dispone lo siguiente:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios, incluso cuando hubiera recibido la factura o solicitud de pago equivalente con anterioridad. (.....)

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios. En este caso, el plazo de pago será de treinta días después de la fecha en que tiene lugar la aceptación o verificación de los bienes o servicios, incluso aunque la factura o solicitud de pago se hubiera recibido con anterioridad a la aceptación o verificación.

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda acordar un plazo superior a 60 días naturales. (...)

Del mismo modo el artículo 198.4 de la Ley 9/2017, establece que “La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono”.

Por su parte, la disposición adicional quinta de la LOEPSF, correspondiente al plazo de pago a proveedores, estipula que “Las referencias en esta ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días.”

De acordo co anterior, actualmente o prazo máximo para efectuar o pago dos contratos administrativos regúlase no artigo 198,4 da LCSP e, para o resto dos gastos de natureza

comercial excluídos da LCSP, deberá aplicarse directamente o contido na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidades nas operacións comerciais.

Polo tanto, a Administración dispón, como regra xeral, dun prazo máximo de trinta días para pagar, iniciándose o cómputo do pago (dies a quo) nos informes de morosidade, tanto das operacións pagadas como das pendentes, en coherencia coa normativa de morosidade aplicable, dende a aprobación da certificación de obra, a conformidade dos bens entregados e os servizos prestados, ou a entrada da factura no rexistro, no caso de que non exista o procedemento de aceptación ou comprobación ou a factura se remita con posterioridade a dito procedemento.

Seguindo a Guía para o cálculo do PMP das entidades locais publicada polo Ministerio de Hacienda e Función Pública con data de marzo 2023, os datos a incluír na aplicación informática son:

### · **Ratio das operacións pagadas e importe total de pagos realizados**

A ratio das operacións pagadas no trimestre é o indicador do número de días promedio que se tardou en realizar os pagos, de conformidade co disposto no artigo 5,2 do RD 635/2014, e calcularase de acordo coa seguinte fórmula:

Ratio das operacións pagadas=  $\Sigma(\text{n}^\circ \text{ días de pago} * \text{importe operación pagada}) /$





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



### Importe total pagos realizados

Segundo a citada Guía, o número de días de pago serán 'os días naturais transcorridos dende:

a) A data de aprobación das certificacións de obra ata a data de pago material por parte da Administracións

b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata a data do pago material por parte da Administracións

c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata a data de pago material por parte da Administración, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura fora recibida con posterioridade á aprobación da conformidade.'

E continúa aclarando 'respecto o momento de inicio do cómputo dos prazos será:

1. Certificacións mensuais de obra: dende a súa data de aprobación, podendo entenderse por tal o momento de recoñecemento da obrigacións. No caso de certificacións de obra parciais previas á certificación final, o inicio do cómputo prodúcese con independencia da presentación da factura, á vista do previsto no artigo 75,2º bis, da Lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido

2. Operacións comerciais nas que resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens entregados ou servizos prestados: dende a data de aprobación de ditos documentos (informe de conormidad, acta de recepción, etc.), que non ten que coincidir co acto administrativo e contable de recoñecemento da obriga.

3. Operacións comerciais nas que non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens entregados ou servizos prestados ou a factura fora recibida con posterioridade a aprobación da conformiadde: dende a data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente'

Do que se deriva e así advirte a mesma Guía que '(...) si unha factura entra no rexistro e está suxeita a conformidade, no caso de que se considere que non é conforme coa normativa vixente, deberá procederse á súa anulación e devolución da mesma'.





## CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



### · Ratio das operacións pendentes de pago

Trátase do indicador do número de días promedio de antigüedad das operacións pendentes de pago ao final do trimestre, e a súa fórmula é a seguinte:

Ratio das operacións =  $\Sigma$  (nº de días pendentes de pago \* importe da op. pdte. de pago) / Importe total de pagos pendentes

E de acordo co exposto no parágrafo anterior a guía detalla que 'O número de días pendentes de pago son os días naturais transcorridos dende:

a) A data de aprobación das certificacións de obra ata o derradeiro día do período ao que se refiran os datos publicados.

b) A data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados ou servizos prestados, ata o derradeiro día do período ao que se refiran os datos publicados.

c) A data de entrada da factura no rexistro administrativo, segundo conste no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente, ata o derradeiro día do período ao que se refiran os datos publicados, nos supostos nos que ou ben non resulte de aplicación un procedemento de aceptación ou comprobación dos bens ou servizos prestados ou ben a factura fora recibida con posterioridade á aprobación da conformidade.'

Finalmente, o Período Medio de pago de cada entidade, regulado no artigo 5 do RD635/2014, obterase aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{PMP} = \frac{\text{ratio op. pagadas} * \text{importe total pagos realizados} + \text{ratio op. ptes. pago} * \text{importe total pagos pendentes}}{\text{importe total pagos realizados} + \text{importe total pagos pendentes}}$$

**NOVENA.-** O 26 de xaneiro de 2026 extraese do programa contable do Concello de Cerdedo-Cotobade os datos relativos ao PMP do cuarto trimestre do exercicio 2025, resultando o seguinte:





# CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 – Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006– Fax 986753201



## INFORME DE MOROSIDADE E PMP DO 4ºTRIMESTRE DE 2025:

CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE					
ENTIDAD: 19 CONCELLO CERDEDO-COTOBADE 2019				EJERCICIO: 2025	
TRIMESTRE 4. INFORME OFICIAL DE PAGOS REALIZADOS					
Pagos realizados en el trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
		Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
<b>Gastos en bienes corrientes y servicios</b>					
20- Arrendamientos y canones	111,76	2	171,64	30	14.334,44
21- Reparación, mantenimiento y conservación	118,54	9	6.171,84	160	164.499,65
22- Material, suministro y otros	84,04	117	130.560,58	1818	791.516,77
23- Indemnización por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Trabajos realizados por instituciones s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversiones reales	46,80	34	583.235,34	17	164.449,92
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a presupuesto	0,00	0	0,00	0	0,00
<b>Total</b>	<b>0,00</b>	<b>162</b>	<b>720.139,40</b>	<b>2.025</b>	<b>1.134.800,78</b>

En este informe no están incluidas las facturas:  
 Que no se imputaran a los capítulos 2 ó 6  
 Con fecha de inicio y/o fin del periodo legal sin datos.

P.3600048G

CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE					
ENTIDAD: 19 CONCELLO CERDEDO-COTOBADE 2019				EJERCICIO: 2025	
TRIMESTRE 4. INFORME OFICIAL DE FACTURAS O DOCUMENTOS JUSTIFICATIVOS PENDIENTES DE PAGO AL FINAL DEL TRIMESTRE					
Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Periodo medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Pendientes de pago al final del trimestre			
		Dentro periodo legal pago a final del trimestre		Fuera periodo legal pago a final del trimestre	
		Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
<b>Gastos en bienes corrientes y servicios</b>					
20- Arrendamientos y canones	0,00	0	0,00	0	0,00
21- Reparación, mantenimiento y conservación	47,64	2	669,59	1	402,12
22- Material, suministro y otros	6,54	9	21.343,71	12	1.319,64
23- Indemnización por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24- Gasto de publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26- Trabajos realizados por instituciones s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversiones reales	0,00	0	0,00	0	0,00
Otros pagos pendientes por operaciones comerciales					
Pendientes de aplicar a presupuesto	43,43	270	113.170,18	123	271.953,38
<b>Total</b>	<b>0,00</b>	<b>281</b>	<b>135.183,48</b>	<b>136</b>	<b>273.675,14</b>

En este informe no están incluidas las facturas:  
 Sin partidas presupuestarias informadas:  
 Que no se imputaran a los capítulos 2 ó 6  
 Con fecha de inicio y/o fin del periodo legal sin datos.

\*Tales facturas son susceptibles de ser reclamadas cos custos e xuros previstos na Lei 3/2004.

Intereses de Demora Pagados en el Periodo	
Número de Pagos	Importe total de Intereses





# CONCELLO DE CERDEDO - COTOBADE

Chan, 11 - Carballedo 36856 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986 760001 - Fax.986760130

Pza do Concello 1 -Ceredo 36130 Cerdedo-Cotobade (Pontevedra) Telf. 986753006- Fax 986753201



0	0
---	---

A propia aplicación de contabilidade efectúa os cálculos para determinar o PMP

PERIODO MEDIO DE PAGO	ENTIDAD: CONCELLO	EJERCICIO: 2025	FECHA: 26-1-2026	PERIODO: 4TO TRIMESTRE
<b>RATIO PAGADAS</b>	<b>RATIO PENDIENTES</b>	<b>PERIODO MEDIO PAGO</b>	<b>IMPORTE TOTAL PAGADO</b>	<b>IMPORTE TOTAL PENDIENTE</b>
3,92	41,01	10,61	1858257,11	408858,62

P:3600048G

O PMP do 3º trimestre do 2025 sitúase en 10,61 días. Tendo en conta que o máximo ascende a 30 días, cúmprese coa dita magnitude.

O presente informe elévase a Alcaldía, quen deberá dar conta do mesmo ó Pleno da Corporación na próxima sesión que se celebre.

Asemade, deberán remitirse os devanditos cálculos, ao órgano competente do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano da Comunidade Autónoma que teña atribuída a tutela financeira, e deberá ordenarse a súa publicación no portal web do Concello.

A Tesoureira,  
Laura Fernández Permuy

**(Documento asinado dixitalmente á marxe)**

